

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE I+D+i NO PERÍODO 2023-2024

Santiago de Compostela, a data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 67/2023, de 14 de xuño, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 113 do 15.06.2023), actuando en nome e representación da **AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN** (en diante, "**GAIN**"), con domicilio en Rúa Airas Nunes, s/n – 15702, Santiago de Compostela, na súa calidade de presidenta, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

E doutra, D. Ángel Carracedo Álvarez, en calidade de Director Executivo da **Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica** por delegación do seu Presidente en virtude do acordo adoptado na xuntanza do Padroado da Fundación, e de conformidade ás facultades atribuídas polo artigo 16 dos seus estatutos.

Interveñen, en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas en nome das entidades que representan, e a tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o 7 de setembro de 2023 a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2023-2024.

O obxecto do convenio é a realización dun conxunto de accións recompiladas nun Programa de I+D+i na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o periodo 2023-2024. A proposta ten como obxectivo acadar unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento, dentro do eixe de actuación, de potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.

SEGUNDO: A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e o grupo de investigación de Medicina Xenómica asociado a ela, son líderes e referentes no eido da diagnose e estudo das bases xenéticas das enfermidades raras, e están a desenvolver unha liña de traballo relacionada coa terapia xénica, eido que está a supor unha revolución no desenvolvemento de terapias a nivel mundial e que pode ser a grande esperanza no campo das enfermidades raras.

Neste campo é de grande interese a difusión dos aportes da medicina xenómica, de forma que se acade unha maior comprensión da poboación xeral e compromiso cos resultados de investigación e se poidan atraer colaboracións e investimentos que permitan potenciar o desenvolvemento científico e económico no citado campo.

Por todo o anterior, as partes asinantes **ACORDAN** subscribir a seguinte addenda ao convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: O obxecto da presente addenda é incorporar unha nova acción ao conxunto de actuacións previstas no convenio asinado o 7 de setembro de 2023 entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2023-2024, incrementando para este fin a dotación do ano 2023 en 30.000 €.

SEGUNDA: Modifícase o punto 1 da Cláusula Segunda (“Condicións económicas”), de forma que onde di:

“	Aplicación orzamentaria	2023	2024	Total	“
	05.A2.561A.743.14	35.000 €	35.000 €	70.000 €	

Diga:

“	Aplicación orzamentaria	2023	2024	Total	“
	05.A2.561A.743.14	65.000 €	35.000 €	100.000 €	

TERCEIRA: Modifícanse os anexos I, II e III do convenio que quedan redactados de acordo cos anexos da presente addenda:

ANEXO I

EIXE DE ACTUACIÓN

- **Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.**

Nun marco altamente competitivo faise imprescindible a estruturación das capacidades investigadoras en torno a grupos de investigación de referencia con capacidade de traballo coordinado en base a liñas estratéxicas converxentes, abertas e colaborativas. Estas liñas deben de posicionarse e integrarse con estruturas organizativas de ámbito superior nacional e internacional e participadas por socios privados.

Para unha correcta planificación os grupos de referencia requiren da dispoñibilidade de recursos suficientes e duradeiros baseados nun financiamento estrutural vinculado a criterios de calidade. Isto supón a adopción dun cambio de modelo de financiamento e avaliación previsto na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027, así coma no Plan Galego de Investigación e Innovación 2022-2024, que facilitará a capacidade dos grupos de dispoñer de financiamento estable.

Obxectivos:

- Establecer liñas de investigación estratéxicas nas que converxan grupos de investigación multidisciplinares.
- Fortalecer e consolidar grupos de investigación de referencia con alto nivel competitivo.
- Potenciar grupos emerxentes.

- Participar en proxectos do ámbito da Medicina Personalizada vinculados coas políticas sectoriais do sistema de saúde en liña co desenvolvemento das estratexias de Medicina de Precisión
- Difundir os resultados dos traballos de investigación en medicina xenómica, en particular no eido das enfermidades raras.

ANEXO II

ACCIÓNS DO PROGRAMA I+D+i

ANUALIDADES 2023 E 2024

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2024	TOTAL
EIXE: Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.	65.000	35.000	100.000
Establecer liñas de investigación estratéxicas nas que converxan grupos de investigación multidisciplinares:			
a) Caracterización de cohortes de individuos para a súa posterior clasificación en subgrupos baseados na relación fenotipo-xenotipo.			
b) Estudo do papel dos factores xenéticos, como a PRS (Polygenic Risk Score) e factores non xenéticos no risco de cancro de mama, para contribuir ao desenvolvemento dunha ferramenta de predición de risco.	65.000 €	35.000 €	100.000 €
c) Realización de actividades de difusión dos avances da investigación xenética sobre a saúde humana e en concreto sobre as enfermidades raras.			
TOTAL	65.000 €	35.000 €	100.000 €

ANEXO III

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E PROPOSTA 2023 E 2024

Indicadores de seguimento do Programa I+D+i en relación cos obxectivos do eixo

ACTUACIÓN 1.- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación.

Indicadores:

1.1 Número total de publicacións indexadas (Pubmed, Embase, WOK, CSIC, psecINFO) nas que participe algún investigador da Fundación, conforme o seu factor de impacto do Journal Citation Reports (JCR):

- Primeiro cuartil da especialidade

- Segundo cuartil da especialidade

- 1.2 Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas (públicas o privadas) nacionais o rexionais [número de proxectos].(Excluídos os proxectos europeos, eixe 3)
- 1.3 Captación de fondos por participación en proxectos concedidos en convocatorias nacionais ou rexionais de I+D+i [euros captados]. (Excluídos os proxectos europeos, eixe 3)
- 1.4 Captación de fondos por prestación de servizos relacionados coa I+D+i e outras fontes de financiamento non competitiva (contratos, convenios e doazóns), inclúense ensaios [euros captados na anualidade].
- 1.5 Facturación do exercicio por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i e outras fontes de financiamento non competitiva [euros facturado na anualidade].
- 1.6 Unidades mixtas publico privadas creadas. (enumerar)
- 1.6 Participación en ensaios clínicos [asinados dentro do ano].
- 1.7 Participación noutros estudos de investigación sen clasificación de ensaio [asinados dentro do ano]

ACTUACIÓN 2. - Formación, captación e retención de talento, situando ao investigador como eixo e principal valor das actividades de I+D+i.

Indicadores:

- 2.1 Número de persoal investigador e técnicos con contratos financiados ou cofinanciados por programas públicos de RRHH. Total/novos RRHH concedidos no ano. [Total investigadores/persoal a cargo de programas de RRHH concedidos na anualidade].
- 2.2 Número de persoal total contratado pola Fundación [Total].
- 2.3 Número de mulleres contratadas pola Fundación.
- 2.4 % mulleres sobre o total do persoal contratado pola Fundación.
- 2.5 Número de estadias de investigadores en centros de referencia internacional (superiores a 1 mes) no ano en curso.
- 2.6 Número de estadias de investigadores e técnicos en formación no ano en curso.
- 2.7 Número de traballos fin de grado e traballos fin de máster titorizados no ano en curso

ACTUACIÓN 3. - Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no espazo europeo de investigación.

Indicadores:

- 3.1 Número de solicitudes de proxectos europeos de I+D+i.
- 3.2 Número de proxectos europeos concedidos (comunicación de concesión)
- 3.3 Número de solicitudes ERC
- 3.4 Número de ERC concedidos
- 3.5 Captación de proxectos europeos de I+D+i no ano en curso [euros captados].

ACTUACIÓN 4. - Protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.

Indicadores:

- 4.1 Número de patentes europeas e Internacionais solicitadas
- 4.2 Número de patentes europeas e Internacionais concedidas
- 4.3 Número de patentes nacionais solicitadas
- 4.4 Número de patentes nacionais concedidas
- 4.5 Número de patentes comercializadas
- 4.6 Número de proteccións solicitadas (non patentes)
- 4.7 Número de proteccións concedidas (non patentes)
- 4.8 Número de proteccións comercializadas (non patentes)
- 4.9 Creación de EBTs
- 4.10 Facturación y/o retorno por actividades de transferencia
- 4.11. Número de acordos de transferencia de materiais e/ou datos asinados.

ACTUACIÓN 5. - Actividades de difusión sobre os avances da investigación xenética sobre a saúde humana e, en concreto, sobre as enfermidades raras.

Indicador:

- 5.1 Número de visualizacións/visitas

PROPOSTA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA		Proposta 2023	Proposta 2024
ACTUACIÓN 1.- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica.	1.1 Publicacións indexadas (nº)	30	35
	Primeiro cuartil (nº)	20	25
	Segundo cuartil (nº)	5	5
	1.2 Proxectos competitivos nacionais ou rexionais (nº)	4	5
	1.3 Fondos competitivos nacionais ou rexionais de I+D+i captados (€)	150.000	160.000
	1.4 Fondos por prestación de servizos relacionados coa I+D+i e outras fontes de financiamento non competitiva captados (€)	150.000	155.000
	1.5 Facturación por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i (€)	6.000.000	6.500.000
	1.6 Unidades mixtas Pp (nº)	0	0
	1.7 Participación ensaios (nº)	0	0
	1.8 Participación en estudos (non ensaios, nº)	1	1
ACTUACIÓN 2.- Formación, captación e retención de talento, situando ao investigador como eixo e principal valor das actividades de I+D+i.	2.1 Investigadores/persoal a cargo de programas públicos de RRHH (nº)	3	3
	2.2 Persoal total contratado (nº)	50	50
	2.3 Mulleres contratadas pola Fundación (nº)	40	40
	2.4 Mulleres sobre o total do persoal contratado pola Fundación (%)	75%	75%
	2.5 Estadías (nº)	0	0
	2.6 Estadías formativas acollidas no centro (nº).	5	5
	2.7 Traballo fin de grado e traballos fin de máster titorizados (nº).	5	5
ACTUACIÓN 3.- Fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación sanitaria realizada en Galicia no espazo europeo de investigación.	3.1 Proxectos competitivos europeos de I+D+i solicitados (nº)	3	3
	3.2 Proxectos competitivos europeos concedidos (nº)	1	1
	3.3 Número de solicitudes ERC	0	0
	3.4 Número de ERC concedidos	0	0
	3.5 Ingresos de proxectos competitivos europeos de I+D+i (€)	0	0
ACTUACIÓN 4.- Protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico.	4.1 Patentes solicitadas europeas e internacionais (nº)	0	0
	4.2 Patentes concedidas europeas e internacionais (nº)	0	0
	4.3 Patentes nacionais solicitadas totais (nº)	0	0
	4.4 Patentes nacionais concedidas totais (nº)	0	0
	4.5 Patentes comercializadas (nº)	0	0
	4.6 Protección solicitadas (non patentes, nº)	0	0
	4.7 Protección concedidas (non patentes, nº)	0	0
	4.8 Protección comercializadas (non patentes, nº)	0	0
	4.9 Creación EBTs (nº)	0	0

	4.10 Facturación e/ou retorno por actividades de transferencia (€)	0	0
	4.11 Números de acordos de transferencia de materias e/ou datos asinados	3	3
ACTUACIÓN 5.- Actividades de difusión sobre os avances da investigación xenética sobre a saúde humana e, en concreto, sobre as enfermidades raras.	5.1 Número de visualizacións/visitas	0	10.000
FONDOS RELACIONADOS COA I+D+i	Captación de fondos competitivos nacionais e internacionais (1.3+3.5) (€)	150.000	160.000
	Importes totais (1.3+1.4+1.5+3.5) (€)	6.300.000	6.815.000

CUARTA: A presente addenda entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

QUINTA: No non modificado na presenta addenda, ratifícase a vixencia das demais cláusulas do convenio asinado polas partes o 7 de setembro de 2023.

En proba de conformidade asinan electronicamente a presente addenda, na data indicada na marxe.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

María Jesús Lorenzana Somoza

Ángel Carracedo Álvarez